# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO:I.E.S. Nº1 O CARBALLIÑO

CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: LATÍN

DEPARTAMENTO: LATÍN

DATA:13-05-20

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Identificar os distintos formantes das palabras descompoñéndoas e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes para introducir o concepto de flexión e mellorar a interpretación e expresión da lingua latina. | Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en Latín, os distingue a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. |
| Declinar distintos tipos de palabras e sintagmas en concordancia atendendo a sua clasificación e ao contexto oracional para unha mellor interpretación e expresión da lingua latina.<br>-Conxugar os distintos tempos verbais latinos atendiendo a súa clasificación e ao contexto oracional, diferenciando as formas persoais das no persoais (e, en particular, o infinitivo de presente). | -Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.<br>-Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.<br>-Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. |
| - Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan, cando se requira, a análise e tradución de textos sinxelos como un estadio posterior a sua comprensión en lingua orixinal e nun contexto coherente. | -Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta na lingua latina pequenas frases , onde practica o seu uso. |
| -Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.<br>- Distinguir as oracións simples das compostas | -Comprende e clasifica tipos de oracións compostas e as diferencia das oracións simples. Oracións coordinadas, subordinadas de relativo o subordinadas causais. |
| -Identificar os distintos formantes das palabras descompoñéndoas e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes para introducir o concepto de flexión e mellorar a interpretación e expresión da lingua latina. | -Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. |
| Coñecer os principais deuses, heroes e mitos do mundo romano e establecer semellanzas e diferencias entre os mitos e heroes antigos e os actuáis | - Identifica os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, establecendo relacións entre os deuses máis importantes. É capaz de facer un poema, un conto o un comic dos mitos maís sinalados da mitoloxía grecorromana. |

| | |
|---|---|
| | -Coñece a orixe de Roma e os seus principais protagonistas. |
| Coñecer os aspectos máis destacados da vida cotiá dos romanos. | -Distingue os tipos de vivenda romanas e as súas partes e as relaciona coas actuais. |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

*Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.*

*Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)*

| **2. Avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>1) Se seguimos sen asistir ao aula e facemos a avaliación non presencial, faremos isto:<br>- Observación da asistencia á clase, posto que todolo alumnado ten os medios para elo, tanto por vía telemática como presencial durante o curso.<br>- Valoración dos traballos de mitoloxía mensuais e a súa presentación no prazo estipulado ( a finais de cada mes)<br>- Observación do traballo no aula e o seu interese por aprender: participación.<br>- Valoración da realización das materias mandadas facer na casa e posteriormente presentación na aula, tanto virtual como presencial.<br>- Valoración dos exames durante as dúas primeiras avaliacións.<br>2) Se volvemos ao Instituto faremos os exames como está programado na programación inicial. |
| | Instrumentos:<br>1)<br>-Exames escritos durante as dúas primeiras avaliacións.<br>-Traballos de mitoloxía presentados por escrito o vía telemática tanto na última avaliación como nas anteriores. (0,5 puntos: 0,25 cada traballo).<br>-Participación nas clases vía telemática ( jitsi meet impartidas 3 horas semanais posto que todo o alumnado contaba coas ferramentas necesarias). ( 1 punto)<br>-Traballos de exercicios mandados tanto para casa como para realizar no aula (virtual o presencial). (0,5 puntos)<br>2) Exames escritos: un será de gramática e sintaxe, outro de cultura e mitoloxía. 8 puntos, 1 punto, respectivamente.<br>Traballos de mitoloxía mandados por ordenador na última avaliación. ( 1 punto) |
| **Cualificación final** | *Faremos a media das dúas primeiras avaliacións e a esta se sumarán un máximo de 2 puntos do traballo realizado durante a 3ª avaliación, posto que os tres alumnos matriculados teñen as ferramentas necesarias para elo.*<br>*No caso do alumno que na 1ª avaliación non estaba se terá en conta a súa traxectoria desde que se incorporou ata Xuño e para que acade os estándares básicos realizará traballos na casa distintos as dos súas compañeiras e se valorará moi positivamente o seu esforzo tanto nos traballos de mitoloxía mensuais como os exercicios realizados na aula virtual e os enviados por correo electrónico que contarán 5 puntos.* |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Se puidésemos facer unha proba presencial:<br>-Sería: Unha pregunta con dúas frases en latín para traducir ao castelán (2ptos). |

| | |
|---|---|
| | Unha pregunta con sintagmas en latín e en castelán para analizar e traducir ( 2ptos)<br>Outra pregunta para analizar e traducir verbos. ( 2ptos)<br>A cuarta sería de declinar sintagma con substantivo.<br>A quinta de mitoloxía. (2ptos)<br>Se non puidésemos facer a proba presencial: Se mandarán exercicios por correo electrónico cando nos indiquen as autoridades e as poderán ir entregando ben durante o verán o ben na primeira semana de setembro. Ditos exercicios serán como a proba escrita e serán cualificados igual. |
| **Alumnado de materia pendente** | Neste curso non hai alumnado con materia pendente. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre** (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | -Repaso dos temas anteriores tanto os de lingua como os de cultura.<br>-Avanzamos dous temas máis (VI e o VII) posto que todos tiñan ferramentas para poder seguir. Ditos temas non serán avaliables pero se dan para que o ano próximo non estean moi asfixiados pois, en principio, irán por letras.<br>Traballos de mitoloxía ( Píramo e Tisbe, Eco e Narciso). |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Las clases serán telemáticas a través de JITSI MEET de 3 horas semanais, posto que todos teñan ferramentas para poder seguir este sistema. En elas seguimos o libro de texto, facemos exercicios tanto do libro como propostos pola profesora que sexan de tradución directa o inversa, declinacións etc. Se lee y se traduce o tema correspondente, se explica o vocabulario ou se deduce pola sua relación co castelán ou o galego.<br>Todos os días se repasa o visto anteriormente para reforzalo e se amplía algo novo.<br>Correo electrónico para mandar os traballos de mitoloxía, para resolver dúbidas momentáneas, para informar de programas de televisión que poidan resultar de interese e para presentar algúns exercicios relacionados cos temas do libro. |
| **Materiais e recursos** | Correo electrónico, Clases virtuais telemáticas a través de JITSI MEET. Explicacións tanto orais, como ao través do chat da aplicación e dunha pizarra que a profesora tiña na casa.<br>O correo electrónico será utilizado para presentar os traballos, consultar dúbidas á profesora e mandar exercicios que non se fagan na aula. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Se informará ao alumnado e as familias  de forma oral na aula, por correo electrónico, por medio del titor, por ABALAR ou na forma que o soliciten. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO:I.E.S. Nº1 O CARBALLIÑO
CURSO: 3º
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: LATÍN
DATA:

Galicia.

## ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Localizar nun mapa feitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. | -Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.<br>- Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións romana e grega e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. |
| Coñecer os mitos e os héroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferencias entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | -Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes e explica os principais aspectos que os diferencian.<br>-Recoñece os mitos relacionados con feitos médicos como Edipo o da literatura europea como Píramo e Tisbe. |
| Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. | -Identifica as clases sociais romanas e é quen de comparalas coas actuais.<br>-Identifica as maxistraturas romanas e é quen de comparalas coas actuais. |
| Describir os marcos xeográficos en que se desenrolan as civilizacións grega e romana ao longo da sua historia . | -Coñece a orixe mitolóxica e histórica de Grecia e Roma, os seus personaxes principais e as súas consecuencias.<br>-Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenrlo das civilizacións grega e latina, e aporta exemplos para ilustrar e xustificar os seus prantexamentos. |
| Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. | Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais feiitos asociados a cada unha delas. |
| | |
| | |
| | |

| | |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |

*Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.*

*Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)*

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | -Procedementos:<br>Recompilación de traballos semanais individuais de repaso dos temas explicados nas primeiras avaliacións enviados por correo electrónico a través de Google Drive. Ditos traballos e cuestionarios atenderán a diversidade, pois temos alumnado de P.M.A.R. e un alumno con dificultades en lingua castelán e galega por ser chinés.<br>- Valoración dos traballos de Mitoloxía mensuais individuais dende a suspensión das clases presenciais. |
| | Instrumentos:<br>-Traballos de Mitoloxía mensuais creativos, non poderán ser copiados de internet . Serán poemas, contos, narracións orixinais, etc.( 1 punto, 0,5 cada traballo para o alumnado que ten que recuperar algunha das dúas primeiras avaliacións).<br>- Cuestionarios sobre os temas explicados nas primeiras avaliacións e sobre vídeos o películas que ilustran ditos temas. (1 punto en total para o alumnado que ten que recuperar algunha das dúas primeiras avaliacións).<br>-Correo electrónico para poder comunicarnos, comunicar dúbidas e mandar os traballos de Mitoloxía mensuais. |
| **Cualificación final** | *Dita cualificación se fará según haxa dous escenarios:*<br>*1) Se non volvemos ás aulas ata setembro:*<br>*-Se fará a media das dúas primeiras avaliacións e a esta se sumarán 2 puntos como máximo dos cuestionarios dos temas de repaso dos temas explicados nas primeiras avaliacións e 10% dos traballos de mitoloxía mensuais dende a suspensión das clases presenciais. Así para os que teñen aprobadas as primeiras avaliacións, as actividades deste 3º trimestre serán sumativas e de reforzo.*<br>*Os alumnos que teñen suspensas as dúas primeiras avaliacións o algunha delas poderán recuperalas mediante os traballos de repaso e os de mitoloxía enviados por correo electrónico. Ditas actividades serán distintas que as do alumnado que as teñen aprobadas facendo máis fincapé en que adquiran os estándares e os criterios básicos, para o cal lles mandaremos máis actividades que ao resto. Cada cuestionario valerá 0,5. Os traballos de mitoloxía tamén valerán como máxima 0,5 cada un, valorando a orixinalidade, a creatividade e a puntualidade á hora de presentalos vía telemática.*<br>*2)Se podemos facer unha proba presencial:*<br>*-Faremos un exame no que haberá 10 preguntas: Unhas de contestar verdadeiro ou falso; outras de relacionar palabras de dúas columnas; outras de completar; outras da obra de lectura da primeira avaliación e outras dos traballos de mitoloxía. Cada pregunta valerá un punto..* |

<table>
<tr><td rowspan="1">Proba extraordinaria de setembro</td><td colspan="1">Dita cualificación se fará como en xuño, polo tanto contamos con dous escenarios posibles:<br>1) Se non podemos facer a proba presencial de setembro:<br>-Contestarán aos cuestionarios que lles mandaremos durante o verán dos temas explicados ao longo do curso e dos traballos de mitoloxía. A valoración será como aparecen nos criterios da programación actual.<br>2) Se  podemos facer a proba presencial:<br>-Faremos un exame como o preparado para Xuño.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td>Criterios de avaliación: Nesta materia non hai alumnado con materia pendente.</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:</td></tr>
</table>

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | -Decidimos non avanzar no temario da programación do inicio de curso porque esta materia non ten continuidade o próximo curso e se alguén fora por letras o próximo ano pode coñecer os temas do mundo romano ao cursar o materia de Latín.<br>- Envío de cuestionarios de cada tema e de películas o vídeos que ilustren e permitan ao alumnado comprender mellor o explicado de forma teórica.<br>- Envío de cuestionario dos traballos de Mitoloxía mensuais.<br>-Presentacións dos traballos de Mitoloxía mensuais de forma creativa, sen poder facer copias o resumes de internet. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | -Se mandarán cuestionarios semanais por correo electrónico sobre os temas das dúas primeiras avaliacións.<br>-Se mandarán cuestionarios vídeos o películas que ilustren os temas para que o alumnado comprenda mellor ditos temas.<br>-O alumnado mandará por correo o por calquera outro sistema telemático os traballos creativos de Mitoloxía. |
| **Materiais e recursos** | -Correo electrónico para mandar traballos o alumnado.<br>-Vídeos de youtube ou outra plataforma.<br>-Google Drive para mandar ao alumnado os cuestionarios.<br>-Abalar, para comunicar ao alumnado e aos pais cada vez que haxa un novo cuestionario. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | -Por correo electrónico, por medio do titor, Abalar o como queiran e o soliciten. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO:I.E.S. Nº1 O CARBALLIÑO

CURSO: 2º BACHARELATO

MATERIA:LATÍN

DEPARTAMENTO:LATÍN

DATA:13-05-20

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Coñecer as categorías gramaticais.<br><br>Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.<br><br>Realizar a análisise morfolóxica das palabras dun texto clásico e enuncialas.<br><br>Identificar todalas formas nominais e pronominais.<br><br>Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todalas formas verbais. | -Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.<br>-Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.<br>- Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal e verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.<br>-Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. |
| - Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos clásicos.<br>-Recoñecer y clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. | -Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.<br>- Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.<br>- Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.<br>-Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa<br>Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.<br>Traduce e analiza textos con oracións subordinadas. |
| Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores e obras máis representativas e as suas influencias na literatura posterior. | -Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. |

| | |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

*Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.*

*Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)*

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>1) Se seguimos sen asistir ao aula e facemos a avaliación non presencial, faremos isto:<br>- Valoración da asistencia á clase, posto que as dúas alumnas teñen os medios para elo, tanto por vía telemática como presencial durante o curso. (0,25 puntos)<br>- Observación do traballo no aula e o seu interese por aprender: participación, preguntas de dúbidas. (0,25 puntos)<br>- Valoración da realización dos exercicios mandados facer na casa e posteriormente presentación na aula, tanto virtual como presencial. (0,5 puntos).<br>- Valoración dos exames durante as dúas primeiras avaliacións.<br>2) Se volvemos ao Instituto faremos os exames como está programado na programación inicial. |
| | Instrumentos:1)<br>-Exames escritos durante as dúas primeiras avaliacións.<br>-Traballos e exposicións dos temas de literatura presentados por escrito o vía telemática tanto na última avaliación como nas anteriores.<br>-Participación nas clases vía telemática ( jitsi meet impartidas 4 horas semanais posto que a dúas alumnas contan coas ferramentas necesarias).<br>-Traballos de exercicios mandados tanto para casa como para realizar no aula (virtual o presencial).<br>-Exames de selectividade doutros anos mandados por correo electrónico que farán durante a clase e se corrixirán tamén na clase.<br>-A última semana do curso faremos unha proba orientativa no cualificable totalmente para ver se alcanzaron os obxectivos e as competencias programadas.<br>2) Exames escritos: un será de gramática e sintaxe, outro de cultura e mitoloxía. |
| **Cualificación final** | *Faremos a media das dúas primeiras avaliacións e a esta se sumarán 2 puntos como máximo segundo o traballo realizado durante a 3ª avaliación, posto que as dúas alumnas matriculadas teñen as ferramentas necesarias para elo. Terase en conta sobre todo a evolución ao longo do curso na parte de lingua con especial mención a sintaxe ( 90%). A parte de cultura, posto que non se puido facer exame dela na terceira avaliación será cualificada cunha porcentaxe máis baixa (10%) e máis tendo en conta que na ABAU ten menor peso que a tradución.* |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Se puidésemos facer unha proba presencial sería:<br>-Un texto con análise e tradución que valería 7 puntos.<br>-Unha pregunta de literatura que valería 1 punto e medio. |

| | |
|---|---|
| | -Unha pregunta de expresións latinas que valería 1 punto e medio.<br>Se non puidésemos facer unha proba presencial, se valorarían os textos entregados durante o verán e que terían que presentar na primeira semana de setembro correctamente analizados e traducidos. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: Non temos alumnado coa materia pendente. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Repaso dos temas anteriores sobre todo da parte de lingua.<br>-Avanzamos todos os temas que nos faltaban e que eran bastantes, pois durante as primeiras avaliacións as alumnas foron moi lentas. Decidimos avanzar de mutuo acordo, tras consultalo as alumnas. Elas decidiron facelo posto que todos tiñan ferramentas para poder seguir e para que poidan superar a ABAU. Ditos temas non serán avaliables para aprobar este curso pero son imprescindibles para a ABAU. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | As dúas alumnas, ut supra dixit, teñen as ferramentas necesarias para avanzar na materia, así todos os días corrixíamos os textos que xa lles dera antes do confinamento, tanto para analizar como para traducir. Ditos textos van en consonancia coa dificultade dos temas e do programado ao comezo do curso. Iremos alternando o traballo, unhas veces traducirá unha alumna e outras a outra e viceversa. Tamén repasaremos os temas de cultura e as expresións.<br>Os últimos días faremos textos de ABAU de outros anos e do modelo presentado polo coordinador deste ano. |
| **Materiais e recursos** | 4 horas de clase semanal a través de JITSI MEET, envío de textos e de dúbidas a través do correo electrónico. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Se informará ao alumnado e as familias  de forma oral na aula, por correo electrónico, por medio del titor, por ABALAR ou na forma que o soliciten. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación  Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO:I.E.S. Nº1 O CARBALLIÑO
CURSO: 1º DE BACHARELATO
MATERIA:LATÍN
DEPARTAMENTO:LATÍN
DATA: 13-05-20

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Declina distintos tipos de palabras e sintagmas en concordancia atendendo a sua clasificación e ao contexto oracional para unha mellor interpretación e expresión da lingua latina. | -Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente<br>-Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. |
| Identificar elementos morfolóxicos da lingua latina que permitan as posteriores analises, o recoñecemento por inferencia lóxica, da morfoloxía e a sintaxe de textos sinxelos e que faciliten a sua tradución ou interpretación. | -Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.<br>- Conxuga os tempos verbais de indicativo e subxuntivo en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.<br>-Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. |
| Distinguir, mediante análise sintáctica ou inferencia lóxica, en textos orixinais e/ou adaptados de dificultade graduada, as funcións que desenrolan as palabras e sintagmas, e clasificar os diferentes tipos de oracións e construcións para unha mellor interpretación do texto e a sua estrutura. | Analiza morfolóxica e sintácticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.<br>Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.<br>Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando e explicando en cada caso as suas características.<br>Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oraciós sinxelas e explicando en |

| | |
|---|---|
| | cada caso as suas características.<br>Identifica as distintas funcións que realizan as formas non personais, infinitivo y participio dentro da oración comparando distintos exemplos do seu uso.<br>Reconoce, analiza e traduce de forma correcta as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes relacionándoas con construcións análogas existentes en outras linguas que coñece.<br>Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en castelán ou na lengua vernácula do alumno. |
| Identificar los distintos formantes de las palabras descomponiéndolas y buscando ejemplos de otros términos en los que estén presentes para introducir el concepto de flexión y mejorar la interpretación y expresión de la lengua latina. | -Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilo.<br>-Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. |
| Distinguir as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus rasgos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras e ubicando nun eixe cronolóxico algúns dos principais feitos históricos para profundizar na orixe da nosa civilización. | -Distingue as clases sociais e as maxistraturas de Roma e é quen de relacionalas coas actuais.<br>-Coñece e sitúa cronolóxicamente as etapas da Romanización de Hispania.<br>-Coñece a cronoloxía dos diferentes reis que houbo en Roma.<br>-Coñece os diferentes deuses e as súas lendas máis importantes. |
| Identificar os deuses e deusas e heroes e heroínas da mitoloxía grecolatina establecendo relacións significativas con personaxes actuais que permitan evidenciar a pervivencia dos arquetipos míticos que chegaron a converterse en referentes da cultura | -Coñece e é quen de facer un traballo sobre diferentes mitos: Midas, Tántalo,Electra, Cástor e Pólux, Apolo e Dafne. |

| | |
|---|---|
| universal. | |
| Realizar a lectura comprensiva de textos en latín, sinxelos e de dificultade graduada, utilizando os coñecementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos adquiridos ou mecanismos de inferencia lóxica, para captar o sentido global dotexto e profundizar na sua interpretación ou traducción.<br><br>Crear textos sinxelos en latín, utilizando as estructura e o léxico aprendidos para adquirir un maior dominio da lingua e mellorar as destrezas comunicativas. | Utiliza adecuadamente a análiise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a sua tradución o retroversión.<br><br>Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.<br><br>Crea textos sinxelos en latín, utilizando as estructura e o léxico aprendidos. |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

*Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.*

*Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)*

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>1) Se seguimos sen asistir ao aula e facemos a avaliación non presencial, faremos isto:<br>- Teremos en conta a asistencia á clase, posto que todolos alumnos teñen os medios para elo, tanto por vía telemática como presencial durante o curso.<br>- Valoraremos os traballos de mitoloxía mensuais e a súa presentación no prazo estipulado ( a finais de cada mes)<br>- Sopesaremos o traballo no aula e o seu interese por aprender: participación.<br>- Apreciaremos a realización das materias mandadas facer na casa e posteriormente presentación na aula, tanto virtual como presencial.<br>- Valoraremos os exames durante as dúas primeiras avaliacións.<br>2) Se volvemos ao Instituto faremos os exames como está programado na programación inicial. |
| | Instrumentos:<br>1)<br>-Exames escritos durante as dúas primeiras avaliacións. Tanto de lingua (gramática e sintaxe) como de cultura ( historia, mitoloxía e do libro de lectura obrigatoria).<br>-Traballos de mitoloxía presentados por escrito o vía telemática tanto na última avaliación como nas anteriores. ( 0,5 punto: 0,25 cada un dos dous traballos).<br>-Participación nas clases vía telemática ( jitsi meet impartidas 4 horas semanais posto que todo o alumnado contaba coas ferramentas necesarias). ( 1 punto)<br>-Traballos de exercicios mandados tanto para casa como para realizar no aula (virtual o presencial) ou por correo electrónico, tanto nas dúas primeiras avaliacións como na terceira. (0,5 puntos)<br>2) Exames escritos: un será de gramática e sintaxe, outro de cultura e mitoloxía.<br>Traballos de mitoloxía mandados por ordenador na última avaliación. |
| **Cualificación final** | *Faremos a media das dúas primeiras avaliacións, e a esta se sumarán dous puntos como máximo do traballo realizado durante a 3ª avaliación, posto que os alumnos matriculados teñen as ferramentas necesarias para elo.*<br>*Terase en conta sobre todo a evolución ao longo do curso na parte de lingua con especial mención a sintaxe ( 80%). A parte de cultura, posto que non se puido facer exame dela nin na segunda nin na terceira avaliación será cualificada cunha porcentaxe máis baixa (5%) pero se terá en conta a parte de mitoloxía e os traballos creativos que fixeron ao longo do curso(10%) o resto será do traballo tanto na aula virtual como na presencial.* |

<table>
<tr><td rowspan="1">Proba extraordinaria de setembro</td><td>Se puidésemos facer unha proba presencial:<br>-Sería: Unha pregunta con dúas frases ou un texto en latín para traducir ao castelán (4ptos).<br>- Análise morfolóxica e sintáctica de ditas frases ou textos ( 2 ptos).<br>-Outra pregunta de pasar frases de activa a pasiva ou viceversa ( 1pto)<br>-A cuarta sería de facer cadros das formas no persoais. (1 punto)<br>-A quinta de mitoloxía. (2ptos)<br>Se non puidésemos facer a proba presencial: Se mandarán exercicios por correo electrónico cando nos indiquen as autoridades e poderán ir entregandoos ben durante o verán o ben na primeira semana de setembro. Ditos exercicios serán como a proba escrita e serán cualificados igual.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td>Criterios de avaliación: Non temos alumnado con esta materia pendente.</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:</td></tr>
</table>

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | -Repaso dos temas anteriores sobre todo da parte de lingua.<br>-Avanzamos varios temas máis aínda que non seguimos totalmente o libro. Decidimos avanzar de mutuo acordo, tras consultalo aos alumnos. Eles decidiron facelo posto que todos tiñan ferramentas para poder seguir e para que o ano próximo non estean moi axfisiados. Ditos temas non serán avaliables. Así explicamos o subxuntivo, a voz pasiva, os verbos deponentes e o superlativo.<br>Traballos de mitoloxía ( Tántalo e Sísifo). |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Las clases serán telemáticas a través de JITSI MEET de 4 horas semanais, posto que todos teñen ferramentas para poder seguir este sistema. En elas seguimos o libro de texto, facemos exercicios tanto do libro como propostos pola profesora que sexan de tradución directa o inversa, declinacións etc.<br>Explicacións de temas sen seguir o libro.<br>A corrección dos exercicios será tanto oralmente durante a clase telemática como por correo electrónico..<br>Correo electrónico para mandar os traballos de mitoloxía, para resolver dúbidas momentáneas, para informar de programas de televisión que poidan resultar de interese e para presentar algúns exercicios relacionados cos temas do libro. |
| **Materiais e recursos** | Correo electrónico, Clases virtuais telemáticas a través de JITSI MEET. Explicacións tanto orais, como ao través do chat da aplicación e dunencerado que a profesora tiña na casa.<br>O correo electrónico será utilizado para presentar os traballos, consultar dúbidas á profesora e mandar exercicios que non se fagan na aula. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Se informará ao alumnado e as familias de forma oral na aula, por correo electrónico, por medio del titor, por ABALAR ou na forma que o soliciten. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |